



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

929b

Veño dá Virxen da Barcã  
da Virxen da Barcã veño  
veño d'abalá-la pedra  
de abalar a pedra veño.

Díxenvos unha mentira,  
veño d'abalá-la pedra  
veño d'abalá-la ghrande  
qu'a pequena abala iela ai la.

834

Nostra Señora da Barca  
tén un teito bo de pedra  
di a campana na volta  
cantas voltas vai dar ela.

942a

Adiós á Virxen da Barca  
adiós vila de Musía  
cándo m'hei de despedir  
desa boa romaría.

2243

Teño setent'e dez anos (por non desir ochenta)  
sinto que vou a morrere  
o mundo que se retire  
tämén eu me vou jodere.

Cando pases por Muxía  
pasarás mui a modiño  
que tá a nai del demonio  
metida nun furadiño.

Esas xa son cousas boas  
por eso é que eu non canto  
a mellor cousa que teñen  
que teñen un cura Santo.



405

A terr'é dos pescadores  
non hai nada que fallar  
o que queira cantareas  
tén qu'ir á beira do mar.

735a

Señor cura de Sereiso  
doutriniña non lla sei  
preguntem'as cantareias  
que eu llas repenicarei.

O cura chamoume Rosa  
Eu tamén lle respondín:  
unha rosa coma esta  
non a ten non seu xardín.

Ai, o cura de Vigo é xastre  
o de Cangas mariñeiro,  
o de Ourense afilador,  
o da Coruña gaiteiro.

240a

Si queredes sachos levámo-los nós  
arados de ferro e carros con bois  
e carros con bois e carros con bois  
si queredes sachos levámo-los nós.

¿Esta noch' y la pasada  
cómo no has venido amor?  
La noche clara y serena,  
el caminito andador.